

CONSERVATORIO ELEMENTAL DE MÚSICA DE CAMBADOS

Programación de Saxofón

CURSO 2023 / 2024

Departamento de Vento Madeira

Mestra: Modesta Padín Domínguez

ÍNDICE

Páxina

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN	2
2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL	3
3. XERALIDADES DO GRAO ELEMENTAL	5
3.1. Obxectivos xerais	5
3.2. Contidos xerais	6
3.3. Criterios de avaliación xerais	7
3.4. Sistema alternativo de avaliación	8
3.5. Proba de acceso aos cursos do Grao Elemental	8
4. XERALIDADES DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	10
5. TEMAS TRANSVERSAIS	12
5.1. Educación en valores	12
5.2. Tratamento das TIC's	13
6. PRIMEIRO CURSO	15
6.1. Obxectivos	15
6.2. Contidos	16
6.3. Metodoloxía	17
7. SEGUNDO CURSO	22
7.1. Obxectivos	22
7.2. Contidos	23
7.3. Metodoloxía	24
8. TERCEIRO CURSO	29
8.1. Obxectivos	29
8.2. Contidos	30
8.3. Metodoloxía	31
9. CUARTO CURSO	35
9.1. Obxectivos	35
9.2. Contidos	35
9.3. Metodoloxía	36

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A presente programación está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación realizada a partir do currículo vixente para a materia de saxofón dentro do grao elemental. Inclúense os obxectivos e contidos, a metodoloxía, a avaliación (criterios e procedementos), materiais e recursos didácticos empregados e directrices de atención á diversidade. Tamén se inclúen certos apartados que, se considera teñen unha importancia vital para que o docente coñeza aos seus alumnos e, desde xeito, poida encauzar máis eficazmente, a acción educativa: características do alumnado, relación cos estudos xerais, relación interdisciplinares, competencias, etc. No que se refire aos elementos básicos do currículo, a presente programación contempla a secuencia de contidos para os catro anos, nos que se imparte a materia. Tanto os obxectivos como os criterios non se secuencian e, simplemente, respectan os presentes no currículo, xa que son suficientemente concretos. Os criterios de avaliación están formulados segundo os obxectivos asumindo os do currículo. A temporalización trimestral dos contidos non presenta unha programación pechada e definitiva, senón un elenco aberto de contidos e enfoques útiles para a formación do alumnado. É, simplemente, unha proposta con diferentes posibilidades á disposición do docente, aberta, variable e flexible.

2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

3. XERALIDADES DO GRAO ELEMENTAL

3.1. Obxectivos xerais

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artístico e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literautra do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa seguridade necesaria en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e adaptarse harmónica e equilibradamente ao conxunto.
- Adquirir técnicas e hábitos de estudo axeitados que permitan unha autonomía progresiva e un óptimo aproveitamento do traballo individual.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Adquirir o hábito de escoitar música para formar a súa cultura musical e dotarse dun concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os seus propios criterios interpretativos.
- Analizar e valorar criticamente a calidade da música en relación cos seus propios valores.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.
- Exercitar o dominio do corpo e da mente para adquirir seguridade e concentración e aplicarlas á técnica, a audición e a interpretación.

- Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación de calidade.
- Interpretar un repertorio básico de pezas musicais de diferentes estilos musicais incluíndo o contemporáneo.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3.2. Contidos xerais

- Práctica dunha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
- Control do aire mediante a respiración diafragmática.
- Control e fortalecemento dos músculos que forman a embocadura, de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade de son.
- Práctica con precisión dos reflexos necesarios para corregir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecemento das características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emisión dun son estable, en toda a extensión do instrumento.
- Coñecemento e práctica das dicitacións.
- Práctica das distintas articulacións e os diferentes modos de ataque das notas.
- Adestramento contínuo e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a primeira vista de pezas sinxelas.
- Práctica do vibrato e os matices para dar cor e expresión á interpretación musical.

- Coñecemento da importancia das lenguetas a saber adaptalas para o seu correcto funcionamento.
- Interpretación dun repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a cada nivel.

3.3. Criterios de avaliación xerais

- O alumnado non poderá ausentarse máis do 15% das clases de saxofón, superada esta cifra, poderá perder o dereito a avaliación continua. Tódas as faltas con causa xustificada ou sen xustificar serán contabilizadas, os pais e nais poderán informar ó profesorado da causa da ausencia do alumnado quedando a criterio do profesorado a perda do dereito a avaliación continua.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao seu contido. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico - prácticos da linguaxe musical.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Con isto preténdese comprobar a capacidade do alumno para empregar o “tempo”, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio pretende verificar que o alumno é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- Interpretar en público como solista e de memoria obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control. Aquí trátase de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo, preténdese estimular o interese polo estudo e

fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e adáptase ao resto dos compañeiros. Este criterio presta atención á capacidade do alumno para adaptar a afinación, a precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros nun traballo común.

3.4. Sistema alternativo de avaliación

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua.

Para a especialidade de saxofón, o sistema alternativo consistirá na realización de probas instrumentais que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Contémplanse dous tipos de probas:

- TRIMESTRAL: será aplicada cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do trimestre.
- FIN DE CURSO: será aplicada cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do curso.

3.5. Proba de acceso aos cursos do Grao Elemental

Nesta proba o alumno deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo a comisión a encargada de designar os contidos así como as pezas a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 15 minutos nin superior a 30 minutos de música.

En calquera caso, sempre corresponde ao profesor/titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.

Todas as probas serán realizadas ante unha comisión composta por tres profesores, como mínimo 1 do departamento de Vento Madeira.

Os criterios de avaliación a aplicar nestes casos, serán os enunciados no Decreto 253/1993 para a familia do Vento – madeira.

Obras orientativas para a proba de acceso ó segundo curso do Grao Elemental:

Saxo Mi b / Si b

- Saxoforever. Vol. 1, 2, de Jean-Marc Allerme (Mi b / Si b)
- Seven Easy Dances de Paul Harris (Mi b)
- Kansax-city de Jérôme Naulais (Mi b)
- Chanson a Bercer de Eugène Bozza (Mi b)
- Saxophonissimo de André-Jean Dervaux (Mi b)
- Cinq pièces faciles de Jean Abril (Mi b)
- Baie-comeau de André Ameller (Mi b/ Si b)
- Andante et Allegretto de René Gaudron (Si b)

Obras orientativas para a proba de acceso ó terceiro curso do Grao Elemental:

Saxo Mib / Sib

- Saxoforever vol. 1, 2, de Jean-Marc Allerme (Mib / Si b)
- Le petit âne blanc, de Jacques Ibert (Mi b)
- Chanson modale, de Guy Lacour (Mi b/ Si b)
- Melopée, de Jacques Ibert (Mi b)
- Baghira, de Ferrer Ferran (Mi b)
- Celine Mandarine, de Alain Crépin (Mi b)
- Aria, de Eugène Bozza (Mi b)
- Duos de Mozart. (Mi b / Si b)

Obras orientativas para a proba de acceso ó cuarto curso do Grao Elemental:

Saxo Mib / Si b

- Saxoforever. Vol. 1, 2, 3, 4. (Mi b / Si b)
- Aria, de Eugène Bozza. (Mi b)
- Duos de Mozart. (Mi b / Si b)
- Le petit âne blanc, de Jacques Ibert (Mi b)

- Celine Mandarine, de Alain Crépin (Mi b)
- Fantaisie brillante, de J. B. Singelee (Mi b)
- Suite en Si Mieur, de J. S. Bach (Mi b)
- Csárdás, de V. Monti (Mi b)
- Concerto, de Ronald Binge (Mi b)

4. XERALIDADES DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado. É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que traten diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe do alumnado.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Suxerir actividades de diferente dificultade e integrar ao alumnado na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todo o alumnado con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo achegado ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia

cos outros documentos do Centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

5. TEMAS TRANSVERSAIS

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

5.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguirase as seguintes consignas:

- A *educación ambiental* tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á *educación para a saúde*, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á *educación para a igualdade de sexos*, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.
- A *educación para a paz e a tolerancia* traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A *educación para o lecer* traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a

escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.

- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais, etc. Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

5.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Coa aplicación das TIC's preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- Desenvolver a autonomía persoal: A información proporcionada pola rede permite coñecer e contrastar un gran número de versións musicais e coñecer profesores e virtuosos das distintas especialidades instrumentais coa posibilidade de establecer contacto e obter asesoramento. Outro factor importante é que permite coñecer novas formas de emprego relacionadas co campo musical tan importantes de cara ó acceso a estudos superiores. O alumnado debe aprender a seleccionar a información recadada na rede e así tomar as súas propias decisións para continuar o seu proceso educativo e profesional.

- Coñecer a realidade musical actual: A través da rede o alumnado atópase en contacto coas noticias de actualidade, ben a través de blog's de solistas e profesorado, de coaching musicais, gravacións recentes, e diferentes portais sobre programas de estudos no estranxeiro. O propio Centro, a través de aplicacións como youtube e a páxina web do centro difunde as súas actividades como audicións do alumnado, concertos e cursos.
- Aprender a manexar novas aplicacións informáticas musicais relacionadas ca edición da escritura musical, a gravación, a edición, etc.

6. PRIMEIRO CURSO

6.1. Obxectivos

- Coñecer e asimilar os principios básicos da técnica: respiración (control do aire), posición do corpo e do instrumento, colocación correcta dos dedos, formación da embocadura, emisión do son e articulación correcta dos mesmos.
- Tomar conciencia da embocadura e fortalecer os músculos que a forman.
- Obter correctamente os primeiros sons: afinación, consistencia, homoxeneidade entre os sons Do4 e Sol 5
- Interpretar en público coa necesaria seguridade en si mesmo, para comprender a función comunicativa da interpretación musical.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical, así como a súa función expresiva no discurso musical.
- Relacionar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musicais coa práctica do instrumento na resolución das dificultades presentes nos obxectivos e contidos deste nivel.
- Interpretar melodías fáciles dentro do rexistro aprendido, propostas polo profesor.
- Interpretar dúos ou tríos do nivel deste curso.
- Interpretar música en grupo, facéndose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir as técnicas de estudo que permitan a autonomía no traballo e a valoración do mesmo.
- Relacionar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musicais coa práctica do instrumento na resolución das dificultades presentes nos obxectivos e contidos no nivel.
- Aprender a correcta manipulación e conservación do instrumento.

- Conseguir realizar de memoria escalas Maiores ata 2# e 1b, picadas.
- Iniciar o desenvolvemento da lectura a primeira vista de melodías propostas na aula.

6.2. Contidos

- Práctica de exercicios de respiración (control do aire) para favorecer e fortalecer a capacidade pulmonar (notas longas controlando a dosificación do aire, a afinación e a calidade do son)
- Práctica de exercicios de relaxación e control da postura corporal que permitan unha correcta colocación e suxección do instrumento e a coordinación das mans.
- Práctica de sons solo coa boquilla.
- Práctica de sons con boquilla e tudel.
- Práctica de memoria das escalas de DoM, SolM, FaM, ReM, picadas.
- Interpretación de pezas en grupo con diferentes formacións: solo, duos saxofóns, trios, agrupacións con outros instrumentos, etc.).
- Dixitación do rexistro grave, medio e medio-agudo do instrumento.
- Interpretación de pezas en público.
- Comprensión e conciencia do traballo individual e das técnicas de estudo que permitan autonomía, autovaloración e autocrítica.
- Valoración do silencio, da audición interna e do pensamento musical como elementos indispensables para a concentración e para a expresión do discurso musical.
- Relación dos coñecementos adquiridos noutras asignaturas coa práctica do instrumento.
- Aprender a correcta manipulación e conservación do instrumento.
- Primeiros sons: afinación, consistencia, homoxeneidade entre os sons Do4 e Sol5.
- Fortalecemento dos músculos que forman a embocadura.
- Iniciación na práctica da lectura a primeira vista de melodías propostas na aula.

6.3. Metodoloxía

A actividade: as cousas apréndense facéndoas; priman os contidos procedimentais.

-Unidade entre teoría e práctica: relacionar as materias teórico-prácticas coas instrumentais.

-Creatividade: o alumno deberá ser quen de aunar o analizado e sintetízalo nun acto creativo.

-Atención persoalizada: a alumno nun grupo é un membro activo e alcanza a súa máximo expresión neste clase individual de instrumento.

-Socialización: interpretar en grupo supón un elevado nivel de interacción entre o alumado e unha interdependencia para obter resultados aceptables. Do mesmo xeito deben respectarse as normas de conducta e as directrices do centro.

-Interdisciplinariade: hai contidos compartidos no ciclo e no grao.

-Globalización: tendo en conta os coñecementos previos, tanto da educación xeral, como da súa vida (experiencias propias) articularase de xeito máis adecuado a práctica educativa.

-Educación en valores: fomentando un comportamento óptimo (contidos de natureza actitudinal).

-Entorno socio-cultural: deben terse en conta os recursos que se podan ofrecer: agrupacións (bandas, coros, orquestras, etc.), bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, radio, televisión, etc. Do mesmo xeito, facilitaranse os acceso a eles sempre que docente e discente o necesiten.

a. Recursos

- Método Escuchar, leer y tocar, volumen 1º de Michiel Oldenkamp –Jaap Kastelein.
- 56 études fáciles et progressives de Guy Lacour volumen 1 de Gerard Billaudot.

b. Criterios de avaliación

Ao finalizar este curso o alumno deberá ser quen de:

- Coñecer e asimilar os principios básicos da técnica: respiración (control do aire), posición do corpo e do instrumento, colocación correcta dos dedos, formación da embocadura, emisión do son e articulación correcta dos mesmos.
- Obter correctamente os primeiros sons: afinación, consistencia, homoxeneidade entre os sons do (debaixo do pentagrama) e sol (enriba do pentagrama).
- Interpretar melodías fáciles dentro do rexistro obtido propostas polo profesor.
- Interpretar dúos ou tríos.
- Interpretar en público coa necesaria seguridade en si mesmo, para comprender a función comunicativa da interpretación musical.
- Interpretar música en grupo, facéndose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir as técnicas de estudio que permitan a autonomía no traballo e a valoración do mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical, así como a súa función expresiva no discurso musical.
- Relacionar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musicais coa práctica do instrumento na resolución das dificultades presentes nos obxectivos e contidos no nivel.
- Aprender a correcta manipulación e conservación do instrumento.
- Conseguir realizar de memoria escalas Maiores ata 2# e 1b.
- Tocar a primeira vista melodías sencillas adecuadas a este nivel.

c. Mínimos esixibles

- Tocar de memoria, escalas Maiores ata 1# e 1b.
- Ter dado quince leccións do libro Escuchar, leer y tocar nivel 1.
- Interpretar 2 pezas do libro con ou sin acompañamento, 1 de memoria.

7. SEGUNDO CURSO

7.1. Obxectivos

- Consolidar e perfeccionar os aspectos básicos da técnica traballados no curso anterior.
- Corrixir a respiración dentro das 3 fases fundamentais (inspiración-retención-expiración).
- Afianzar e fortalecer a embocadura e os músculos que a forman.
- Colocar os dedos de forma correcta e precisa para as diferentes dicitacións.
- Dominar a correcta posición do corpo sentado e de pé.
- Mellorar o son dentro dos parámetros da afinación, consistencia e homoxeneidade.
- Aprender a escoitarse xunto co resto dos compañeiros para así depurar a afinación e o traballo en grupo.
- Aumentar o rexistro coñecido, ata alcanzar desde o Sib3 Re#6.
- Obter as primeiras diferenciacións de matices entre F e p e tamén cresc. e decresc.
- Realizar as escalas Maiores e menores ata catro # e 3b inclusive.

7.2. Contidos

- Consolidación e perfeccionamento dos aspectos básicos da técnica traballados no curso anterior.
- Corrección a respiración dentro de 3 fases fundamentais (inspiración-retención-expiración).
- Afianzamento e fortalecemento da embocadura e dos músculos que a forman.
- Colocación dos dedos de forma correcta e precisa para as diferentes dicitacións.
- Dominio dunha correcta posición do corpo sentado e de pé.
- Mellora do son dentro dos parámetros da afinación, consistencia e homoxeneidade.

- Escoita comprensiva, solidaria e consciente xunto co resto dos compañeiros para así depurar a afinación e o traballo en grupo.
- Aumento do rexistro coñecido, ata alcanzar desde o Sib3 ao Fa#6.
- Diferenciacións dinámicas de matices entre F e p e tamén cresc e decresc.
- Memorización e execución das seguintes escalas: DoM-lam, SolM-mim, FaM-rem, ReM-sim, SibM-solm, LaM-fa#m, MibM-dom, MiM-do#m, cos seus respectivos arpejos de Tónica e Dominante7.

7.3. Metodoloxía

A actividade: as cousas apréndense facéndoas; priman os contidos procedimentais.

-Unidade entre teoría e práctica: relacionar as materias teórico-prácticas coas instrumentais.

-Creatividade: o alumno deberá ser quen de aunar o analizado e sintetízalo nun acto creativo.

-Atención persoalizada: a alumno nun grupo é un membro activo e alcanza a súa máximo expresión neste clase individual de instrumento.

-Socialización: interpretar en grupo supón un elevado nivel de interacción entre o alumado e unha interdependencia para obter resultados aceptables. Do mesmo xeito deben respectarse as normas de conducta e as directrices do centro.

-Interdisciplinaria: hai contidos compartidos no ciclo e no grao.

-Globalización: tendo en conta os coñecementos previos, tanto da educación xeral, como da súa vida (experiencias propias) articularase de xeito máis adecuado a práctica educativa.

-Educación en valores: fomentando un comportamento óptimo (contidos de natureza actitudinal).

-Entorno socio-cultural: deben terse en conta os recursos que se podan ofrecer: agrupacións (bandas, coros, orquestras, etc.), bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, radio, televisión, etc. Do mesmo xeito, facilitaranse os acceso a eles sempre que docente e discente o necesiten.

a. Recursos

- Escuchar, leer y tocar 2. Ed. de Haske.
- 50 études faciles et progressives 1, de Guy Lacour. Vol. 1. Ed. Billaudot.
- Teacher and I Play Saxophone Duets. Volume 1.
- Saxoforever. Vol. 1, 2, de Jean-Marc Allerme.
- Techni-sax' de Gilles SENON.
- Exercicios de mecanismos de Klosé. Ed. Ricordi.

b. Criterios de avaliación

Ao finalizar este curso o alumno deberá ser quen de:

- Consolidar e perfeccionar os aspectos básicos da técnica traballados no curso anterior.
- Corrixir a respiración dentro das 3 fases fundamentais (inspiración-retención-expiración).
- Afianzar e fortalecer a embocadura e os músculos que a forman.
- Colocar os dedos de forma correcta e precisa para as diferentes dicitacións.
- Dominar a correcta posición do corpo sentado e de pé.
- Mellorar o son dentro dos parámetros da afinación, consistencia e homoxeneidade.
- Ser quen de escoitarse xunto co resto dos compañeiros para así depurar a afinación e o traballo en grupo.
- Dominar o rexistro coñecido, dende o Sib3 ao Fa#6.
- Obter as primeiras diferenciacións de matices entre F e p e tamén cresc e decresc.
- Realizar as escalas Maiores e menores ata 4# e 3b, cos arpechios de Tónica e Dominante⁷

c. Mínimos esixibles

- Tocar escalas Maiores e menores de memoria, ata 3# e 2b.
- Ter dado quince leccións do libro Escuchar, leer y tocar nivel 2.
- Interpretar 2 pezas do libro con acompañamento, 1 de memoria.

8. TERCEIRO CURSO

8.1. Obxectivos

- Continuar o perfeccionamiento dos aspectos técnicos traballados en cursos anteriores.
- Mellorar e fortalecer a embocadura co fin de alcanzar máis resistencia e calidade sonora en todo o rexistro estudado.
- Ampliar o rexistro incluíndo as notas Sib3 ata Fa#6 ademais de continuar o traballo das digitaciones dadas nos dous cursos anteriores.
- Perfeccionar a realización de matices desde F a p e os reguladores cresc e decresc.
- Dominar progresivamente as articulacións de stacatto, picado-ligado e as súas combinacións.
- Iniciar ao alumno no proceso de tratamento e adaptación das lenguetas.
- Practicar a memoria musical por medio de fragmentos curtos propostos polo alumnado ou polo docente.
- Realizar diferentes exercicios encamiñados á completa interpretación da escala cromática.
- Realizar as escalas Maiores e menores (melódicas e armónicas) ata 6# e 5b dentro do rexistro Sib3 ata Fa#6 cos seus respectivos arpejos de Tónica e Dominante⁷ con diferentes articulacións.
- Escala cromática no rexistro traballado.

8.2. Contidos

- Continuación do perfeccionamiento dos aspectos técnicos traballados en cursos anteriores.
- Fortalecemento e perfeccionamento da embocadura co fin de alcanzar máis resistencia e calidade sonora en todo o rexistro estudado.
- Ampliación do rexistro dende o Sib3 ata o Fa#6, ademais de continuar o traballo das digitaciones dadas nos dous cursos anteriores.

- Perfeccionamento e ampliación da realización de matices desde F a p e os reguladores cresc e decresc.
- Dominio progresivo das articulacións de stacatto, picado-ligado e as súas combinacións.
- Practica da memoria musical por medio de fragmentos curtos propostos nas clases polo profesor.
- Realización de exercicios encamiñados á completa interpretación da escala cromática no rexistro traballado.
- Memorización e realización das escalas de DoM-lam, SolM-mim, FaM-rem, ReM-sim, SibM-solm, LaM-fa#m, MibM-dom MiM-do#m, LabM-fam, SiM-sol#m, Fa#M-re#m dentro do rexistro Sib3 ata o Fa#6 cos seus respectivos arpeخيos de Tónica e Dominante⁷ e os tipos Melódica e Armónica nas relativas menores.
- Realización de exercicios para a práctica do vibrato.

8.3. Metodoloxía

A actividade: as cousas apréndense facéndoas; priman os contidos procedimentais.

-Unidade entre teoría e práctica: relacionar as materias teórico-prácticas coas instrumentais.

-Creatividade: o alumno deberá ser quen de aunar o analizado e sintetízalo nun acto creativo.

-Atención persoalizada: a alumno nun grupo é un membro activo e alcanza a súa máximo expresión neste clase individual de instrumento.

-Socialización: interpretar en grupo supón un elevado nivel de interacción entre o alumado e unha interdependencia para obter resultados aceptables. Do mesmo xeito deben respectarse as normas de conducta e as directrices do centro.

-Interdisciplinariade: hai contidos compartidos no ciclo e no grao.

-Globalización: tendo en conta os coñecementos previos, tanto da educación xeral, como da súa vida (experiencias propias) articularase de xeito máis adecuado a práctica educativa.

-Educación en valores: fomentando un comportamento óptimo (contidos de natureza actitudinal).

-Entorno socio-cultural: deben terse en conta os recursos que se podan ofrecer: agrupacións (bandas, coros, orquestras, etc.), bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, radio, televisión, etc. Do mesmo xeito, facilitaranse os acceso a eles sempre que docente e discente o necesiten.

a. Recursos

- Escuchar, leer y tocar 3. Ed. de Haske.
- 48 études faciles et progressives de Pierre Max Dubois.
- 56 études récréatives pour saxophone. Vol. 1 (30 estudos).
- Escalas, arpegios y ejercicios diatónicos para saxofón, de Pedro Iturralde.
- Saxoforever vol. 2, 3 de Jean-Marc Allermé.
- Techni-sax' de Gilles Senon.
- Exercicios de mecanismos de Klosé. Ed. Ricordi.
- Quinze petites pièces en forme d'études, de Michel Mériot.

b. Criterios de avaliación

- Ao finalizar este curso o alumno deberá ser quen de:
- Consolidar e perfeccionar os aspectos básicos da técnica traballados no curso anterior.
- Corrixir a respiración dentro das 3 fases fundamentais (inspiración-retención-expiración).
- Afianzar e fortalecer a embocadura e os músculos que a forman.
- Colocar os dedos de forma correcta e precisa para as diferentes dicitacións.
- Dominar a correcta posición do corpo sentado e de pé.
- Mellorar o son dentro dos parámetros da afinación, consistencia e homoxeneidade.
- Ser quen de escoitarse xunto co resto dos compañeiros para así depurar a afinación e o traballo en grupo.

- Aumentar o rexistro coñecido, ata alcanzar desde o Sib3 ao Fa#6.
- Obter as primeiras diferenciacións de matices entre f e p e tamén cresc e decresc.
- Tocar as escalas Maiores e menores (Armónica e Melódica) ata 6# e 5b, cos seus respectivos arpexios de Tónica e Dominante7.

c. Mínimos esixibles

- Tocar escalas Maiores e menores (Armónica e Melódica), de memoria, ata 5# e 4b e os arpegios de Tónica e Dominante7.
- Tocar a escala cromática na extensión do instrumento traballada no curso.
- Ter dado quince leccións do libro Escuchar, leer y tocar 3.
- Interpretar 2 pezas do libro e 2 obras, con acompañamento, 1 de memoria.

9. CUARTO CURSO

9.1. Obxectivos

- Dominar e controlar a técnica básica do Saxofón estudada nos cursos anteriores.
- Utilizar máis conscientemente o diafragma para unha maior calidade do son.
- Realizar exercicios que conduzan á interpretación correcta e coas menores dificultades posibles dos trinos.
- Empregar máis matices introducindo o FF e o pp.
- Exercitar a velocidade no emprego do Stacatto así como buscar a limpeza nas diferentes articulacións.
- Tocar fragmentos e obras completas de memoria.
- Realizar escalas Maiores ata 7# e 7b, coas súas relativas escalas menores (4 tipos) e os arpexios de Tónica, Subdominante e Dominante7.
- Tocar a escala cromática en todo o rexistro do instrumento con diferentes articulacións e acentuacións.
- Conseguir ampliar o rexistro ós son sobreagudos.

9.2. Contidos

- Dominio e control da técnica básica do saxofón estudada nos cursos anteriores.
- Utilización consciente do diafragma para unha maior calidade de son.
- Realización de exercicios que conduzan á interpretación correcta e coas menores dificultades posibles dos trinos.
- Emprego de máis matices introducindo o FF e o pp.
- Exercitación da velocidade no emprego do Stacatto e búsqueda da limpeza nas diferentes articulacións.
- Interpretación de movementos e obras de memoria.
- Memorización e realización das escalas de DoM-lam, SolM-mim, FaM-rem, ReM-sim, SibM-solm, LaM-fa#m, MibM-dom, MiM-do#m, LabM-fam, SiM-sol#m, RebM-sibm, Fa#M-re#m, SolbM-mibm,

Do#M-la#m, DobM-labm en todo o rexistro traballado, cos 4 tipos de escalas menores e cos arpexios de Tónica, Subdominante e Dominante7.

- Práctica da escala cromática en todo o rexistro traballado durante os catro cursos e con diferentes articulacións.
- Ampliación do rexistro os son sobreagudos.

9.3. Metodoloxía

A actividade: as cousas apréndense facéndoas; priman os contidos procedimentais.

-Unidade entre teoría e práctica: relacionar as materias teórico-prácticas coas instrumentais.

-Creatividade: o alumno deberá ser quen de aunar o analizado e sintetízalo nun acto creativo.

-Atención persoalizada: a alumno nun grupo é un membro activo e alcanza a súa máximo expresión neste clase individual de instrumento.

-Socialización: interpretar en grupo supón un elevado nivel de interacción entre o alumado e unha interdependencia para obter resultados aceptables. Do mesmo xeito deben respectarse as normas de conducta e as directrices do centro.

-Interdisciplinarietàade: hai contidos compartidos no ciclo e no grao.

-Globalización: tendo en conta os coñecementos previos, tanto da educación xeral, como da súa vida (experiencias propias) articularase de xeito máis adecuado a práctica educativa.

-Educación en valores: fomentando un comportamento óptimo (contidos de natureza actitudinal).

-Entorno socio-cultural: deben terse en conta os recursos que se podan ofrecer: agrupacións (bandas, coros, orquestras, etc.), bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, radio, televisión, etc. Do mesmo xeito, facilitaranse os acceso a eles sempre que docente e discente o necesiten.

a. Recursos

- Escalas, arpegios y ejercicios diatónicos para saxofón, de Pedro Iturralde.
- Techni-sax' de Pilles Senon..
- 56 études récréatives pour saxophone. Vol. 1, 2.
- Quinze petites pieces en forme d'études, de Michel Mériot.
- Estudios progresivos de G. Lacour
- Saxoforever. Vol. 3, 4.

b. Criterios de avaliación

Ao finalizar este curso o alumno deberá ser quen de:

- Dominar e controlar a técnica básica do Saxofón estudada nos cursos anteriores.
- Utilizar máis conscientemente o diafragma para unha maior calidade do son.
- Realizar exercicios que conduzan á interpretación correcta e coas menores dificultades posibles dos trinos.
- Empregar máis matices introducindo o FF e o pp.
- Exercitar a velocidade no emprego do Stacatto así como buscar a limpeza nas diferentes articulacións.
- Realizar movementos e obras de memoria.
- Realizar escalas Maiores e menores ata 7# e 7b cos 4 tipos das súas relativas escalas menores así como os arpejos de Tónica, Subdominante e Dominante7.
- Dominar a execución da escala cromática.
- Conseguir ampliar o rexistro con algún son sobreagudo

c. Mínimos esixibles

- Tocar escalas Maiores e menores, de memoria, ata 6 alteracions (bemoles e sostenidos) cos arpegios de Tónica, Subdominante e Dominante⁷.
- Tocar a escala cromática en toda a extensión do instrumento.
- Interpretar dous estudos e 2 obras con acompañamento, 1 de memoria.
- Aplicar vibrato e outros recursos sonoros según o estilo a interpretar.

Estos mínimos son para todo o curso e poderían ser aplicables para recuperar o mesmo, así como todo o repertorio a interpretar e evaluar estará adecuado aos diferentes niveis.

Cambados, 07 de setembro de 2023

Modesta Padín Domínguez